

O voto dos mexicanos no estranxeiro

Luciano Concheiro Bórquez e Raúl Ross Pineda

*Desse lado da mesa, onde me acusas,
Te levantas. A marca do teu pé,
Na soleira da porta que recusas,
Fecha de vez a carta inacabada.
Tua sombra pisada, teu amigo –José.
“Carta de José a José”, José Saramago⁽¹⁾*

Dos case 120 millóns de mexicanos, un de cada dez atópase fóra do país e a inmensa maioría (11,6 millóns) residen en Estados Unidos de América⁽²⁾. Até hai uns meses, formalmente, estes mexicanos non conquistaron o dereito a participar nas eleccións presidenciais de xullo de 2006. No entanto, pode preverse dende agora o rotundo fracaso no exercicio do voto dos mexicanos no exterior. Deste difícil camiño na construción dunha cidadanía plena para o conxunto dos mexicanos, dun lado e doutro dunha fronteira invisíbel e á vez real e brutal; e do comezo para o peche dunha carta inacabada, dos seus recunchos e escenarios a futuro, tratamos neste artigo.

En 1917, *El Cosmopolita*, unha publicación en castelán da cidade de Kansas en Estados Unidos de América (EUA), convocaba aos mexicanos residentes nese país a participar nun “ensaio” de votación nas eleccións presidenciais mexicanas. Este é un dos indicios máis antigos que ilustran o desexo dos mexicanos de votar dende o estranxeiro nas eleccións do seu país de orixe. Case 90 anos despois dun proceso máis que complicado, o 30 de xullo de 2005, hai a penas uns meses, no *Diario Oficial de la Federación* publicouse o decreto que reforma a lei electoral para facer posíbel que os mexicanos que residen no estranxeiro poidan votar en xullo de 2006, por primeira vez na historia, pero soamente na elección presidencial.

En 1929, en medio da crise económica mundial e dunha “correspondente” e forte campaña en contra dos inmigrantes en EUA⁽³⁾ como acabará facéndose “costume”, o periódico en castelán *La Opinión*, da cidade de Los Ángeles, California, publicou unha serie de materiais que de maneira explícita expresaban a demanda de votar na elección presidencial por parte de mexicanos residentes no país do norte que ademais eran simpatizantes dun dos candidatos, José Vasconcelos⁽⁴⁾.

(1) SARAMAGO, José: 2005, *Carta de José a José*, en *Poesía completa*.

(2) MORALES, Rodrigo: 2003, *El voto de la diáspora*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*. A propaganda oficial difundida pola “Fundación paisano” en Internet fala de 130 millóns de mexicanos, ao considerar aos 10 millóns de orixe mexicana que naceron en Estados Unidos ou obtiveron a nacionalidade estadounidense.

(3) GAMIO, Manuel: 2002, *El inmigrante mexicano. La historia de su vida. Entrevistas completas, 1926-1927*.

(4) É importante sinalar que Vasconcelos foi ministro de educación do réxime emanado da Revolución de 1910 e o único candidato á presidencia da República que fixo campaña en EUA. Ver TARACENA, Alfonso: 1990, *José Vasconcelos*.

Non deixa de chamar a atención que nun país de inmigrantes como é Estados Unidos⁽⁵⁾, a loita polo dereito cidadán ao voto dos mexicanos residentes no exterior desaparecera das axendas dos partidos políticos e das organizacións sociais por máis de 50 anos, até a súa reaparición a finais da década dos anos 80 do século pasado. Foron os dereitos laborais e as mobilizacións para crear organizacións sindicais dos inmigrantes, así como as loitas polo recoñecemento da particular identidade nacional⁽⁶⁾ dos mexicanos nados en EUA, o chamado movemento “chicano”, e en xeral a loita polos dereitos humanos, os que ocuparon as demandas dos mexicanos en EUA.

A emigración mexicana conta cunha longa historia que ten como comezo a traumática perda para México de máis da metade do seu territorio a finais da primeira metade do século XIX⁽⁷⁾. Os traballadores mexicanos contribuíron ao longo de máis de 150 anos á construción do sistema ferroviario de Estados Unidos, ao desenvolvemento da súa agricultura, á manufactura e máis recentemente á economía urbana de servizos. “Até os anos 70 (do século XX) a migración seguiu un patrón basicamente temporal no cal a maioría dos emigrantes, orixinarios das áreas rurais do centro, oeste e norte de México, chegaban ao sudoeste de Estados Unidos a traballar na agricultura e retornaban durante os períodos de pouca actividade. Unha parte destes emigrantes quedaba permanentemente en Estados Unidos, xa fora nas áreas rurais ou en cidades como Los Ángeles”⁽⁸⁾.

Nese contexto, de cambios estruturais no tipo de migración⁽⁹⁾, o movemento polo voto dos mexicanos no estranxeiro renace, principalmente en cidades estado-unidenses con alta concentración de poboación mexicana, como dicíamos, cara a finais da década dos 80 do século XX, como parte tanto das loitas polos dereitos humanos dos inmigrantes en EUA como en relación a importantes procesos de democratización en México que culminan co roubo do triunfo electoral de Cuauhtémoc Cárdenas en 1988 por parte do Partido Revolucionario Institucional (PRI)⁽¹⁰⁾ e o seu candidato á presidencia, Carlos Salinas de Gortari.

(5) Ver MANN, Arthur: 1990, *De la inmigración a la aculturación*.

(6) Consultar o texto de BUSTAMANTE, Antonio Ríos: 1978, *Mexican in the United States and The Nacional Question*, e o artigo de GOMEZ-QUIÑONES, Juan: 1983, *Notes on an Interpretation of the Relations Between the Mexican Community in the United States and Mexico*.

(7) Recentemente foi publicada a novela histórica *México mutilado* de MARTIN MORENO, Francisco (2004), cunha gran acollida polo público, que reflicte un sentimento xeralizado entre os mexicanos de rexeitamento e confrontación coa política expansionista de Estados Unidos.

(8) BRYAN, Roberts; et al: 2003, *Las comunidades migrantes transnacionales y la migración mexicana a Estados Unidos*, p45.

(9) “... o nivel da inmigración mexicana documentada e indocumentada cara a Estados Unidos (para 1997) empequeneceu a inmigración procedente doutros países ao representar case o 14% de todos os inmigrantes legais e o 40% dos inmigrantes indocumentados”, representando á súa vez o 37% da poboación de orixe mexicana (Roberts, et al, Ob.cit, 48).

(10) O PRI que se funda en 1929 como Partido Nacional Revolucionario e adquire o seu nome actual en 1946, máis que un partido moderno, é unha estrutura corporativa de tres sectores (obreiro, campesiño e popular) que agrupa a diversas organizacións sociais; para afondar no tema, consultar o libro de GARRIDO, Luis Javier: 1982, *El partido de la revolución institucionalizada. La formación del nuevo Estado en México (1928-1945)*. Despois da quebra do Estado Benefactor mexicano, con fortes trazos dun corporativismo autoritario, foise dando unha complicada e prolongada transición á democracia en México, dominada por vagas de cambios constitucionais sobre todo en canto ao réxime electoral.

A loita polo respecto ao voto ten como antecedentes inmediatos unha insurrección municipal pouco coñecida, que anuncia xunto con outros procesos o inicio da transición democrática mexicana. Preto do dez por cento dos municipios considerados rurais foron tomados violentamente produto de inconformidades que tiveron que ver co enfrontamento da poboación contra os cacicazgos, entre 1985 e 1988⁽¹¹⁾. Estas loitas locais representan un cambio nos escenarios do quefacer político, e son expresión cívica da ruptura do pacto social corporativo entre o Estado e os campesiños de México. Tamén neses anos, é cando o Partido Acción Nacional (PAN)⁽¹²⁾ empezou a gañar algúns gobernos dos 32 estados da República. Pero o proceso máis importante neses anos foi o movemento en torno á figura de Cuauhtémoc Cardenas que acabou integrando o Partido da Revolución Democrática (PRD)⁽¹³⁾. Os partidos de oposición fortalecéronse a costa do debilitamento do PRI, as eleccións volvéronse máis competidas e pouco a pouco foise debilitando o control governamental das eleccións para deixar paso a un sistema electoral que foi progresivamente creando condicións máis equitativas para todos os partidos. Con todo, este trazo positivo, que distingue o camiño á transición democrática en México, na práctica substituíu os necesarios cambios na relación Estado-sociedade, permitindo que subsistira un réxime político de corte autoritario, dominado por estruturas corporativas e prácticas clientelares e patrimonialistas.

Non obstante, a sociedade mexicana non deixou de sorprenden á clase política e de poñer en dúbida os seus plans dun cambio “dende arriba”, polas canles partidarias, primeiro co levantamento dos zapatistas en Chiapas e a vaga de solidariedade que concitaron en todo o país e posteriormente, retomando o camiño electoral, dándolle ao voto un valor distinto en termos da construción da cidadanía nun contexto de pluralidade cultural e “planetarización” do ámbito do social. “Curiosamente” este é o momento cando os emigrantes mexicanos aparecen en escena para demandar ser recoñecidos como cidadáns con todos os dereitos, incluído o de votar nas eleccións do seu país. Isto non representa unha mera coincidencia, os mexicanos no estranxeiro –aínda que poucos o entenden no propio México– son moito máis sensíbeis ao que acontece no seu país de orixe do que parece a simple vista. Nos días próximos á elección presidencial de 1988, algúns grupos de emigrantes en Estados Unidos, principalmente ligados ao cardenismo, empezaron a realizar actividades propagandísticas, que malia que dispersas e sen lograr moita atención en México, claramente establecían a demanda de exercer o seu dereito a votar nas eleccións.

Os méritos desta loita disputaríanse máis tarde entre os distintos actores, pero de entrada, a primeira batalla dos propagandistas do voto foi contra a indiferen-

(11) Ao respecto, consultar o texto de LOPEZ MONJARDIN, Adriana: 1988, *Los movimientos políticos locales*.

(12) O PAN pode considerarse no espectro político como de dereita, foi fundado en 1939 e ten como antecedentes o Partido Católico Nacional e a Acción Católica Mexicana. Ver LOPEZ VILLAFANE, Víctor: 1986, *La formación del sistema político mexicano*, p176.

(13) O PRD fundouse en 1989, unindo no seu seo “os impulsos dunha esquerda moderna”, cunha importante escisión do PRI, e a maioría da esquerda tradicional con antecedentes no Partido Comunista, agrupacións trotskistas, maoístas, nacionalistas radicais, entre outras. Ver o libro de SEMO, Enrique: 2003, *La Búsqueda. 1. La izquierda mexicana en los albores del siglo XXI*.

za (podería falarse de desprezo) por parte da clase política mexicana e máis profundamente polo pouco recoñecemento social que os emigrantes teñen para o conxunto da poboación. Dende o goberno preferiuse ver a este nacente movemento como de oposición, inimigo do réxime priísta, e acusou aos grupos mobilizados de utilizar unha demanda que non reflectía un interese xenuíno dos emigrantes en xeral, senón unha perspectiva máis ben partidista.

Para a elección presidencial de 1994, grupos de emigrantes desvinculados entre si promoveron a realización de eleccións simbólicas en varias rexións estado-unidenses con alta densidade de poboación mexicana⁽¹⁴⁾. Nestas participaron milleiros de persoas en especial nas cidades de Los Ángeles, California, Dallas, Texas, Chicago e Illinois. Na organización desta mobilización participaron indistintamente activistas ligados ao PRI, PAN e PRD, o mesmo que persoas sen partido. Votar no estranxeiro transformouse paso a paso nunha demanda cada vez máis estendida entre os emigrantes mexicanos, que empezou a reflectirse nos medios de difusión estadounidense, o que multiplicou a súa popularidade.

Os activistas polo voto, ademais de facer manifestacións de protesta, promoveron eleccións simbólicas e outros actos de propaganda, e privilexiaron a presión sobre os partidos. Os que pertencían a algún deles fixérono no seu interior, e quen non pertencían a ningún, premeron nas tres organizacións políticas maiores. Quizais isto último foi o que máis contribuíu a diluír a percepción nalgúns círculos do PRI e do goberno de que a demanda de votar no estranxeiro era unha especie de montaxe do PRD para desprestixiar ao goberno mexicano en Estados Unidos. Por outro lado, a relación dos emigrantes cos partidos políticos mexicanos foi unha clara mostra de que non estaban desvinculados da vida política en México.

Pero non será até mediados dos 90 cando a clase política comeza a darlle atención ao reclamo do voto dos mexicanos no estranxeiro. Obviamente, en México dificilmente se tería discutido o asunto do voto se este non fora demandado polos propios emigrantes e sen un excelente traballo de persuasión deles mesmos no interior dos partidos políticos. Pero esta vitoria contra a indiferenza tería sido imposible tamén sen un profundo cambio cultural que se reflectiu nunha cada vez maior conciencia do fenómeno dos seus emigrantes, principalmente ante feitos coma o éxodo masivo cara aos Estados Unidos e do peso das remesas millonarias en beneficio tanto das economías das familias que deixaron atrás como da precaria saúde da economía nacional.

“Hai vintecinco anos, en 1980, entraron a México por remesas a penas setecentos millóns de dólares mentres que no 2005 chegarán arredor de vinte mil millóns”, no actual goberno de Vicente Fox (do PAN) “os ingresos por ese concepto practicamente se triplicaron. Así, nas décadas da conversión neoliberal a migración de

(14) É impresionante a concentración xeográfica de mexicanos en EUA, especialmente polos millóns dos que se fala, tanto os nados en EUA coma os naturalizados estadounidenses, pero sobre todo os inmigrantes, que suman máis de 21 millóns. Tres cuartas partes dos mexicanos atópanse nuns cantos condados dos estados de California, Texas, Illinois e Florida (Santibáñez, 2005:406).

mexicanos aos Estados Unidos aumentou quince veces e os envíos en dólares multiplicáronse por trinta (...)”⁽¹⁵⁾.

A dimensión do éxodo de mexicanos a Estados Unidos, con arredor de medio millón de novos emigrantes ao ano, deulle un novo carácter á xa histórica experiencia dos traballadores mexicanos que cruzan a fronteira norte. Por un lado, amplía e estreita o vínculo entre os transterrados e os que se quedan, ao multiplicarse a experiencia das familias das vellas zonas de emigración pero tamén das novas zonas nun fenómeno que xa se estende por unha boa parte de México. Porén, no mediano prazo e nunha soa xeración máis, isto representará un verdadeiro “suicidio”⁽¹⁶⁾, debido á perda do “bono demográfico”. En termos políticos, sobre todo polo “rumbo” electoral da transición á democracia en México, esixe recoñecer que non se lle podía continuar ignorando aos suxeitos o voto no estranxeiro. A referencia aos dólares das remesas e das doazóns para obras públicas foi unha das pancas que os demandantes do voto xamais deixaron de utilizar a favor da súa causa.

En 1996 reformáronse a Constitución e a lei electoral, non para resolver en definitiva, pero si para achantar o camiño ao voto dende o estranxeiro⁽¹⁷⁾. Cando menos dende o ano anterior, os partidos representados no Congreso emprenderan negociacións que se coñeceron como “La Mesa de Bucareli”⁽¹⁸⁾ co propósito de acordar o que entón deuse en chamar “unha reforma electoral definitiva”. E malia que o voto no estranxeiro non ocupou ao comezo un sitio de alta prioridade nas negociacións, acabou por ser un dos poucos puntos sobre os que se logrou un acordo para legislar.

A reforma constitucional fíxose para desligar o exercicio do voto da veciñanza nun distrito electoral. Antes da reforma o artigo 37 da Constitución, na súa fracción terceira sinalaba como obriga do cidadán “votar nas eleccións populares no distrito electoral que lle corresponda”. Neste texto algúns obxectores do voto no estranxeiro lían que o voto soamente podía ser exercido no distrito electoral de resi-

(15) BARTRA, Armando (2005:6), suxire nun artigo por publicarse, “Los nuevos nómadas”, a cita anterior e agrega que: “Sen dúbida (os) dous saldos maiores da globalización á mexicana –unha liberación mercantil que non rachou máis cadeas que as produtivas– foron o éxodo e as remesas: magnos fluxos que nos fan un país socialmente transhumante e economicamente entenado, pois dependemos cada vez máis da vontade e capacidade aforradora dos transterrados”. É importante tamén ter en conta que México converteuse no primeiro receptor de remesas a nivel mundial.

(16) Tamén Armando Bartra suxire que “A transmutación do bono demográfico en remesas destinadas ao consumo é moito máis ca un pésimo negocio, é un suicidio nacional. Suicidio posdatado pero non por iso menos fatal. Durante un par de décadas poderemos seguir exportando aos mozos que nos ‘sobran’ e sostendo coas súas remesas aos aínda poucos vellos que se quedan. ¿Pero que faremos cando a pirámide poboacional se inverta? ¿Que vamos a facer cando sexamos un país de vellos que dilapidou miserabelmente o seu bono demográfico?” (BARTRA, 2005:8).

(17) “En 1996, no marco da reforma electoral que estableceu a autonomía definitiva do IFE, que logrou equilibrar como nunca antes as condicións de competencia, que integrou ao Tribunal Electoral (TRIFE) ao Poder Xudicial, que redeseñou as fórmulas para traducir votos en escanos na Cámara de Deputados e na de Senadores e que estableceu o goberno electo no Distrito Federal, excluíuse do texto constitucional un precepto que establecía que era obriga do cidadán “votar nas eleccións populares, no distrito electoral que lle corresponda (...) para remover o obstáculo constitucional que os mexicanos no estranxeiro puideran votar”. Ver WOLDEMBERG, José: 2005, *El voto en el extranjero*, p409.

(18) Bucareli é o nome da rúa onde están ubicadas as oficinas principais da Secretaría de Gobernación (equivalente ao Ministerio do Interior).

dencia do elector, que fóra dese ámbito, non se podía votar. O feito é que os electores mexicanos si poden votar fóra do seu distrito electoral; as chamadas *casillas* especiais existen na lexislación mexicana precisamente para que voten os electores que o día da elección se atopen fóra do seu distrito electoral. De calquera maneira, reformouse a mencionada fracción constitucional de maneira que agora di: “votar nas eleccións populares nos termos que sinala a lei”.

Na reforma da lei electoral incluíuse un artigo transitorio co que se encomendou ao Instituto Federal Electoral (IFE) integrar un equipo de especialistas para facer un estudo sobre a viabilidade técnica do voto no estranxeiro. Con esta encomenda buscábase ter unha opinión de expertos, que non dos políticos, sobre unha serie de obxeccións de carácter técnico ou loxístico que se esgrimían para negar, argumentando a súa imposibilidade práctica, o voto aos mexicanos no estranxeiro.

Cunha inxenuidade enorme, os loitadores polo voto dos mexicanos no estranxeiro, logo destas reformas, quedáronse coa impresión de que a súa demanda quedara resolta e que soamente restaba inscribirse para votar na elección presidencial do ano 2000; levoulles dous anos entender que aínda faltaba regulamentar ese dereito na lexislación electoral, que os deputados e senadores non o farían por iniciativa propia; e ademais tardaron en decatarse de que o IFE nin sequera designara aos integrantes da comisión que faría o estudo técnico. Por outra banda, a Secretaría de Gobernación tampouco tiña en mente terminar o Rexistro Nacional de Cidadáns (RENACI)⁽¹⁹⁾, rexistro que fora ligado ao voto no estranxeiro no mesmo artigo transitorio que ordenara o referido estudo técnico.

En febreiro de 1998 unha delegación de emigrantes mexicanos, procedentes dos estados de California, Illinois, Iowa e Texas, viaxou á cidade de México co propósito de premer a todos os actores políticos vinculados ao voto que creran ter gañado xa. Reuníronse co Consello Xeral do IFE, con representantes do Poder Executivo e dos grupos parlamentarios dos tres principais partidos. O logro principal das xestións desta delegación foi o compromiso do IFE para formar case de inmediato a comisión de especialistas que realizaría o estudo sobre a viabilidade técnica do voto no estranxeiro.

Cómpre mencionar que outra disputa de corte legalista xirou en torno ao Rexistro Nacional de Cidadáns (RENACI). Algúns interpretaban que a comisión de especialistas que se encargaría do estudo técnico non podía formarse antes de que o RENACI fora concluído, a sabendas de que a Secretaría de Gobernación non o concluiría antes do proceso electoral de 2000⁽²⁰⁾. No entanto, a que prevaleceu foi a interpretación de que se as reformas de 1996 tiñan como fin o voto dos mexicanos no estranxeiro e o RENACI era tan só un dos medios para conseguir tal fin, entón o fin debería manterse acudindo a outros medios.

A presenza desta delegación atraeu por primeira vez a atención masiva dos medios de información en México e a partir de entón este asunto foi gañando un

(19) Até hoxe en México, a credencial de elector serve como carné de identidade.

(20) A Secretaría de Gobernación posteriormente admitiríao ante o IFE.

espazo propio cada vez maior no debate político nacional. Por outra banda, esta primeira delegación, máis ou menos improvisada, serviu para articular o núcleo dun movemento que logrou unha presenza organizada en todo Estados Unidos, superando a dispersión xeográfica e a desvinculación con que renacera este movemento. No encontro de pouco máis de 20 activistas e simpatizantes do voto no estranxeiro procedentes de lugares distintos, xurdiu a iniciativa de constituírse nunha agrupación para darlle seguimento aos acordos, constituíndose na Coalición de Mexicanos no Exterior Noso Voto no 2000 (CMENV2000).

O 12 de maio de 1997 o IFE cumpriu coa lei e co compromiso asumido coa delegación de emigrantes, formando unha comisión de especialistas á que lle deu seis meses de prazo para entregar resultados, período que se supoñía tamén como unha especie de tregua entre os partidarios da posibilidade ou a imposibilidade práctica do voto dende o estranxeiro mentres os especialistas brindaban pola decisión. Non obstante, esa tregua non se cumpriu e en canto se instalou a Comisión, un grupo de senadores priístas tomou a iniciativa de convocar en nome do Senado unha serie de foros para discutir o voto dos mexicanos no estranxeiro, que se efectuaron en distintas cidades da República e serviron de altofalantes para que un grupo de lexisladores, funcionarios públicos e académicos ligados ao PRI e ao goberno reiteraran os seus coñecidos argumentos sobre a imposibilidade práctica do sufraxio e suscitáran novos supostos conflitos constitucionais. Non sobra mencionar que a eses foros non foron invitados os partidarios da aprobación do voto no estranxeiro.

A CMENV2000 contestou promovendo, á súa vez, unha serie de foros en cidades de Estados Unidos a contrapelo dos do Senado e facendo gala doutra forma de facer política, pois invitaron a participar ao propio senador promotor dos outros foros.

A Comisión de especialistas entregou o seu informe a finais de novembro de 1998. Nese informe afirmábase contundentemente que o voto dos cidadáns mexicanos residentes no exterior era tecnicamente posíbel para a elección do ano 2000. Desta forma, a Comisión do IFE non soamente demoleu as teses da imposibilidade práctica do voto no estranxeiro senón que ademais ofreceu unha serie de modalidades para poder exercelo e afirmou que era posíbel facelo para a elección presidencial do ano 2000.

As reaccións eran previsíbeis: os partidarios do voto felicitaron á Comisión de especialistas polo seu informe; a crítica e a descualificación do informe procederon do PRI. As primeiras son xustificábeis pero o proceder dos priístas no Senado foi polo menos incongruente, xa que eles mesmos concederan ante o PRD (na “Mesa de Bucareli”) aprobar as reformas constitucional e electoral de 1996; pero en 1998 quedou claro que o PRI fixera unha grave rectificación política.

O PAN pola súa banda, en encontros dos seus líderes con delegacións da CMENV2000, ofrecera tomar unha decisión sobre a base do informe que rendera a Comisión de especialistas; e nese sentido, en novembro de 1998, adoptou unha posición favorábel ao voto dos mexicanos no estranxeiro.

En relación á elección presidencial de 2000, as posturas institucionais no Congreso estaban claras: o PRI contra o PRD e o PAN. Subliñábase o de “institucionais” porque o certo é que o movemento dos emigrantes contaba con lexisladores amigos en cada partido, incluso no PRI.

Durante os anos 1998 e 1999 lexisladores do PRD e do PAN, por separado, presentaron na Cámara de Deputados varias iniciativas de reformas encamiñadas a facer efectivo o dereito de votar dos mexicanos no estranxeiro. Non obstante, cada un polo seu lado non estaban en condicións de sacar adiante ningunha iniciativa contra o PRI, a pesar de que nas eleccións lexislativas de 1997, por primeira vez dende a fundación do PRI, este perdera a maioría absoluta na Cámara de Deputados.

Cara ao final do último período de sesións do Congreso en que se podían aprobar as reformas á lexislación electoral antes da elección de 2000, o 29 de abril de 1999, o PRD e o PAN aliáronse para impulsar o voto dos mexicanos residentes no estranxeiro na Cámara de Deputados, e se ben gañaron a votación, o PRI non deixou que pasara esta iniciativa na Cámara de Senadores, argumentando que o IFE non tiña facultades para tomar decisións que correspondían ao Poder Lexislativo.

Malia que a elección de 2000 mantivo a exclusión dos emigrantes, estes promoveron novamente eleccións simbólicas en Estados Unidos que atraeron máis de 17 mil votantes mexicanos en preto dunha ducia de cidades estadounidenses e provocaron a atención dos medios de comunicación tanto de Estados Unidos como de México, facendo do voto no estranxeiro un asunto inevitábel na definición das axendas da clase política mexicana.

É importante recordar que nas eleccións do 2000 o PRI perdeu, tamén por primeira vez dende que foi fundado en 1929, a Presidencia da República e a maioría absoluta na Cámara de Senadores, sen recuperar a maioría absoluta na Cámara de Deputados.

Vicente Fox gañou a presidencia baixo as siglas do PAN, despois de ter triunfado anos antes para gobernar o pequeno estado de Guanajuato, unha entidade federativa con larga traxectoria de expulsión cara a EUA de traballadores, e ter feito declaracións favorábeis cara ao voto dos mexicanos no estranxeiro. Xa sendo presidente da República referiuse aos emigrantes como “heroes” nacionais e designou a un funcionario para que se fixera cargo das comunicacións do poder executivo cos emigrantes. No marco destes xestos políticos positivos, o movemento polo voto en EUA percibiu no propio presidente Vicente Fox un posíbel e poderoso aliado, en contraste coa presidencia do gobernante anterior, Ernesto Zedillo, que se ben se comprometera coas reformas de 1996, posteriormente deslindouse delas xunto co seu partido, o PRI.

A actitude tomada polo PRI contra o voto no estranxeiro proviña de varios prexuízos entre os que dominaba o que o voto no estranxeiro se inclinaría contra o partido no goberno porque a migración cara a Estados Unidos obedecía á incapacidade do réxime para reter aos emigrantes en territorio nacional. Crían que o voto sería, por tanto, en contra do PRI. Así, unha vez que perden a Presidencia da Repú-

blica, esta mesma idea, encamiñounos a crer que o voto de castigo contra o goberno neste caso, recaería no PAN. Con todo, a proxección doutros priístas, dende antes de perder a Presidencia, era que o voto contra o PRI sería ben merecido se este partido continuaba opoñéndose ao voto dende o estranxeiro; este grupo estaba convencido de que os emigrantes recompensarían con votos a quen apoiaran as súas demandas.

Con posturas tan encontradas, o evidente era que o PRI non tiña unha posición de principios ao respecto. De calquera maneira, no seu pragmatismo, o triunfo do PAN levounos a afrouxar un tanto a súa postura contra o voto dos mexicanos no estranxeiro.

En decembro de 2001 a CMENV2000 promoveu unha reunión en Zacatecas, invitando aos principais activistas do voto no estranxeiro en Estados Unidos para facer o balance do sucedido e poñerse de acordo nun plan de acción conxunto. De aí naceu unha nova organización, a Coalición polos Dereitos Políticos dos Mexicanos no Estranxeiro (CDPME), que posteriormente se converterá no voceiro principal do movemento a favor do voto dos mexicanos no exterior, gañando o respecto e interlocución coa clase política mexicana e converténdose así na fonte máis críbel para os medios de difusión tanto en México como en Estados Unidos. Nesa reunión os activistas puxéronse de acordo nunha estratexia de longo alcance e nun plan de traballo que os levou a unha intensa campaña de *lobby* entre os lexisladores na cidade de México.

Pouco tempo despois, o voto dos mexicanos no estranxeiro converteuse, como din os mexicanos que viven en EUA, nunha demanda “sexy”, polo que opoñerse publicamente a ela volveuse “politicamente incorrecto”. Malia que isto beneficiou aos loitadores polo voto non foi suficiente para xerar a respectiva actividade lexislativa que fixera efectivo o dereito de voto dos emigrantes.

Entre 1998 e 2003 presentáronse no Congreso máis dunha ducia de iniciativas relacionadas co voto no estranxeiro; porén, todas tiveron como destino común o “conxelador”. As comisións ditaminadoras que se alternaban para o seu estudo tiñan axendas eternamente “sobrecargadas” nas que o voto no estranxeiro non ocupou xamais un lugar prioritario para ningún grupo parlamentario. Mesmo os lexisladores que presentaron as iniciativas abstivéronse de empregar os recursos ao seu alcance para intentar “desconxelar” as súas propias propostas. No fondo, presentar unha iniciativa tiña o propósito principal de deixar testemuño de certa simpatía cara aos emigrantes; os lexisladores de todos os partidos, “amigos” do voto no estranxeiro, eran na práctica escépticos ante as posibilidades reais de sacar adiante algún ditame favorábel.

No entanto, o 15 de xuño de 2004 o presidente Vicente Fox presentou á Cámara de Deputados unha iniciativa de lei na que se recolleron algúns consensos básicos que a Secretaría de Gobernación lograra previamente con representantes de todos os partidos na Cámara de Deputados e coa CDPME. Supúñase que esta iniciativa sería presentada conxuntamente por todos os partidos que subscribiran os consensos; non obstante, isto non foi posíbel debido ao enrarecemento da situación po-

lítica mexicana por mor de problemas alleos ao voto no estranxeiro. A proposta consistía en que todo mexicano no estranxeiro con credencial de elector podería votar en *casillas* ou vía electrónica ou postal na elección presidencial; prohibía as campañas electorais no estranxeiro e non incluía o empadramento no estranxeiro. Á marxe do seu contido, o mérito principal desta iniciativa foi ter provocado un activismo lexislativo non visto antes para este asunto.

O grupo parlamentario do PAN, que ten a presidencia da Comisión de Gobernación da Cámara de Deputados, activou o proceso lexislativo, atraeu ao PRD como aliado e ambos encamiñáronse a ditaminar favorablemente a iniciativa de lei. O PRI, remiso a sumarse a un proceso encabezado polo PAN e detrás dunha iniciativa promovida polo presidente Fox, en lugar de opoñerse como fixera en 1999, presentou a súa propia iniciativa, máis ambiciosa que a do propio presidente, o que motivou que o PRD cambiara, aliándose co PRI. A iniciativa falaba de voto en *casillas*, de campaña electoral e de empadramento no estranxeiro.

As comisións camerais convocaron a funcionarios a comparecer, promoveron varios foros en México e en Estados Unidos e o máis importante, o 24 de novembro de 2004, a Cámara de Deputados aprobou como parte do Orzamento de Gastos para 2005 unha partida de 200 millóns de pesos para o voto no estranxeiro, en caso de que este fora aprobado.

Para finais de 2004 todos os sinais indicaban na dirección de que o voto dos mexicanos no estranxeiro se aprobaría, ao menos na Cámara de Deputados; pero novamente entrouse nunha carreira contra o tempo. Para que a reforma entrara en vixencia para a elección de 2006, esta debería decretarse a máis tardar un ano antes do día da elección, é dicir, xullo de 2005. Dos debates nas comparecencias dos funcionarios nas cámaras lexislativas e da análise propia, a CDPME concluíra que a iniciativa do PRI-PRD adoeecía de varios problemas, carecía de coherencia interna e de técnica lexislativa, pero tamén chamaba á integración dun aparato electoral excesivamente obeso e innecesariamente oneroso. Isto deixaba flancos descubertos para os ataques dos inimigos do voto e diminuía as posibilidades de que fora simplemente ratificada pola Cámara de Senadores.

O PAN que perdera o liderado no proceso ditaminador, e malia que compartía as preocupacións da CDPME, vacilaba sobre que postura adoptar. A CDPME tampouco tiña seguridade sobre o seu curso de acción. Por unha banda, que tal se o PRI estivera só “blofeando” e o PAN e a CDPME caeran inocentemente na trampa de obstaculizar pola súa banda o cambio lexislativo? Que tal se nalgún lugar se tivera a intención deliberada de buscar que a Cámara de Deputados aprobara algo que automaticamente sería desbotado pola de Senadores? Por outro lado, de buscarse corrixir os defectos da proposta PRI-PRD, alcanzarían os estreitos tempos lexislativos restantes?

Ante esta disxuntiva, a CDPME optou por apoiar a vía rápida que consistía en aprobar o ditame preparado polo PRI-PRD. O PAN, pola súa banda, deixouse persuadir pola CDPME de adoptar esta mesma postura e ver despois que facer no

Senado. O 14 de decembro de 2004 presentouse o ditame en primeira lectura na plenaria da Cámara de Deputados, adiouse até o próximo período de sesións a súa discusión. O 22 de febreiro de 2005 a Cámara de Deputados aprobou o ditame con 391 votos a favor, 5 en contra e 22 abstencións⁽²¹⁾.

O Senado recibiu a minuta da Cámara de Deputados sen mostrar o “entusiasmo” que indicara a súa intención de ratificala. Nin sequera os priístas crían poder aprobar, tal cal, o que os seus correligionarios promoveran na Cámara de Deputados. En adición ás debilidades que tiña a minuta aprobada, sumouse ademais o feito de que os liderados do PRI nunha e outra cámara pertencen a grupos rivais dentro dese partido. As comisións ditaminadoras do Senado convocaron a comparecer a distintos funcionarios e especialistas que unanimemente descualificaron a minuta recibida; algúns deles agregando obxeccións adicionais que nada tiñan que ver coa minuta da Cámara de Deputados senón coas súas posturas persoais contrarias ao voto dos mexicanos no estranxeiro. Así, o Senado obtivo a coartada perfecta para poder desbotar a minuta e lavarse as mans nese asunto sen que se lle puidera acusar de ser inimigos do voto no estranxeiro. As descualificacións máis autorizadas recibíunas nada menos que do chanceler Luis Ernesto Derbez, do presidente do IFE, Luis Carlos Ugalde e do presidente do TRIFE, Eloy Fointes Cerda.

Sorprendentemente, o Senado non enterrou de inmediato a minuta senón que a tomou como base para improvisar unha iniciativa propia. O 27 de abril de 2005, aprobou con 91 votos a favor, dous en contra e unha abstención a súa propia iniciativa de reforma para facer efectivo o voto dos mexicanos no estranxeiro. A “pataca quente” foille devolta á Cámara de Deputados. O Senado aprobou que todos os mexicanos con credencial de elector puideran votar na elección presidencial, por correo postal, sen campañas electorais nin empadronamento no estranxeiro. Esta proposta aproximábase máis á iniciativa que o presidente Vicente Fox presentara no seu momento.

Na Cámara de Deputados tanto o PAN coma o PRD, conscientes da estreiteza dos tempos lexislativos, estiveron dende un principio dispostos a ratificar a minuta do Senado; pero o PRI –rival de si mesmo– sentiuse rifado, pois segundo eles a Cámara de Deputados aprobou todo e a de Senadores moi pouco.

O 30 de abril de 2005 concluíu o último período ordinario de sesións do Congreso anterior ao prazo fatal para aprobar o voto dende o estranxeiro para a elección de 2006, sen que o voto fora resolto: novamente todo parecía perdido. A última posibilidade era que o Congreso convocara un período extraordinario de sesións antes de que fenecera o prazo para lexislar o voto no estranxeiro, e que na súa axenda incluían o voto no estranxeiro. En realidade, que estas tres condicións se

(21) Paga a pena sinalar que a actual lexislatura, a LIX (2003-2006) está composta por 500 deputados, dos cales o PRI ten 224, o PAN 149 e o PRD 97 deputados; os 30 restantes distribúense entre o Partido Verde Ecoloxista de México, con 17 deputados, o Partido do Traballo con 6, Convergencia Democrática con 5 e 2 deputados sen grupo.

deran era pouco menos que imposible. No entanto, o “milagre” aconteceu para sorpresa de todas e todos, especialmente para a CDPME. O período extraordinario acordouse para que arrancara o 21 de xuño, antes de que concluíra o prazo final, e aprobouse incluír na axenda o voto dos mexicanos no estranxeiro.

Como unha verdadeira película de suspense, na Cámara de Deputados o grupo parlamentario do PRI mantivo –até un día antes da votación, que se verificou o 28 de xuño de 2005– a postura de non aprobar a iniciativa recibida dende o Senado. Con todo, precisamente a noite previa á votación renunciou á súa postura para sumarse ao que xa tiñan decidido o PAN e o PRD.

Estes son os feitos máis relevantes do difícil camiño do voto dos mexicanos no estranxeiro. A lei que se decretou o 30 de xuño de 2005 indica basicamente que poderán votar só *por correo* quen teña credencial de elector/a con fotografía expedida en México, calculando o IFE que son pouco máis de 4,2 millóns as persoas que poden ter esa credencial entre os 11,6 millóns de mexicanos que se atopan en EUA, e non se incluíu o empadramento fóra de México. Ademais, estableceuse un complicado sistema de rexistro para poder chegar a emitir o voto por correo, o que obriga ás persoas interesadas a írense rexistrarse antes de mediados de xaneiro de 2006 aos Consulados mexicanos, imprimir un formulario que debe “baixarse” de Internet, ter unha dirección postal en EUA para recibir a papeleta e unha vez cuberta facer o envío certificado do voto por medio de compañías especializadas que cobran unha media de 9 dólares. Unha “Radio Comunitaria” (de mexicanos) en EUA comentaba a principios de decembro de 2005, en termos moi claros: “Isto foi organizado para que fracasara”⁽²²⁾. Tamén Primitivo Rodríguez, asesor do IFE e membro fundador da Coalición polos Dereitos Políticos dos Mexicanos no Estranxeiro (CDPME), admitiu: “non hai voto electoral con maiores obstáculos que o dos migrantes en EUA”⁽²³⁾ ou como dixo unha analista, “o camiño ao inferno está empedrado de boas intencións”⁽²⁴⁾.

Até o 12 de decembro de 2005, a pouco máis dun mes de que expire o prazo para rexistrarse como votante mexicano no exterior, dos 4,2 millóns de posibles “aspirantes”, soamente se repartiran... 3.690 solicitudes! (ao que debe sumarse que só o 75 por cento destas solicitudes corresponde a Estados Unidos e o 25 por cento ao resto do mundo). Obvio é dicir que neste sentido, se pode falar dun rotundo fracaso na participación dos mexicanos no estranxeiro na próxima elección.

A lei, como mencionamos, á súa vez prohibe as campañas no estranxeiro, aducindo que de realizarse podería darse “entrada” á intromisión de intereses alleos ao país nas campañas electorais. Isto traducíuse nunha forma máis de segregación dos votantes mexicanos no exterior, dándolles na práctica unha calidade distinta como cidadáns.

(22) Periódico La Jornada, 7 de decembro de 2005.

(23) La Jornada, idem:8.

(24) LOAEZA, Soledad: 2005, *Camino al infierno*.

A falta de inscricións para poder votar no estranxeiro ten que ver co grave risco que implica para os mexicanos en EUA efectuar trámites tan complicados e á “luz pública” en tanto a política de EUA fronte aos inmigrantes é a da cada vez maior “criminalización”⁽²⁵⁾ dos mesmos.

O slogan que a propaganda oficial escolleu: “Co teu voto dende o estranxeiro, vive a democracia!”, estase convertendo nun espello para a transición á democracia pactada pola clase política no seu conxunto, que se amosa cada día máis enferma fronte a un reclamo cidadán que paradoxalmente dá mostra dun forte vigor. Todo anuncia que as eleccións do 2 de xullo de 2006 serán as eleccións máis pelexadas da historia de México: por desgraza faranse novamente dándolle as costas á poboación emigrante.

Luciano Concheiro Bórquez é profesor-investigador da Universidade Autónoma Metropolitana, Unidad Xochimilco, México.

Raúl Ross Pineda é director da revista binacional (México-Estados Unidos) MX Sin Fronteras e membro fundador da Coalición por los Derechos Políticos de los Mexicanos en el Extranjero (CDPME).

(25) Soamente cómpre recordar que durante 2005 morreron preto de 500 mexicanos ao intentar cruzar a fronteira cara a EUA.

Bibliografía

- ALCOCER, Jorge: 2005, *Votar en el estranxeiro*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*, Ed. Nuevo Horizonte/FCE, México DF, pp557-559.
- BARTRA, Armando: 2005, *Los nuevos nómadas*, *Mimeo*, México DF, p22.
- CANO, Arturo: 2005, *El voto y el miedo*, suplemento *Masiosare*, núm 379, domingo 27 de marzo, México DF, pp2-3.
- GAMIO, Manuel: (1930), 2002, *El inmigrante mexicano. La historia de su vida. Entrevistas completas, 1926-1927*, Ed Miguel Ángel Porrúa, México DF, p635.
- GARCIA e GRIEGO (eds): *Mexican-US Relations. Conflict and Convergence*, Eds University of California, Los Ángeles, EUA, pp417-440.
- GARRIDO, Luis Javier: 1982, *El partido de la revolución institucionalizada. La formación del nuevo Estado en México (1928-1945)*, Ed SXXI, México DF, p176.
- GÓMEZ-QUIÑONES, Juan: 1983, *Notes on an Interpretation of the Relations Between the Mexican Community in the United States and Mexico*, en VÁZQUEZ, Carlos e LOAEZA, Soledad: 2005, *Camino al infierno*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*, Ed Nuevo Horizonte/FCE, México DF; pp508-510.
- LÓPEZ MONJARDIN, Adriana: 1988, *Los movimientos políticos locales*, en Cuadernos de la Casa Chata, núm 160, Ed CIESAS, pp237-262.
- LÓPEZ VILLAFANE, Víctor: 1986, *La formación del sistema político mexicano*, Ed SXXI, México DF, p212.
- MANN, Arthur: 1990, *De la inmigración a la aculturación*, en LUEDTKE, Luther (comp): *La creación de los Estados Unidos. La sociedad y la cultura de los Estados Unidos*, Ed Servicio Cultural e Informativo de los Estados Unidos, Filipinas, pp68-80.
- MARTIN MORENO, Francisco: 2004, *México mutilado*, Ed Alfaguara, México DF, p585.
- REYES HEROLES, Jesús: 2005, *Votar en el extranjero*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*, Ed Nuevo Horizonte/FCE, México DF, pp553-556.
- RIOS BUSTAMANTE, Antonio: 1978, *Mexican in the United States and The National Question*, Ed La Causa, Santa Bárbara, EUA, p24.
- ROBERTS, Bryan; REANNE, Frank; e LOZANO-ASCENCIO, Fernando: 2003, *Las comunidades migrantes transnacionales y la migración mexicana a Estados Unidos*, en PORTES, A.; GUARNIDO, L.; e LANDOLT, O: *La globalización desde abajo: transnacionalismo y desarrollo de la experiencia de Estados Unidos y América Latina*, Ed FLACSO/PORRÚA, Miguel Ángel, México DF, pp45-88.
- SARAMAGO, José: 2005, *Carta de José a José*, en Poesía completa, Ed Alfaguara, México DF, pp108-111.

- SANTIBAÑEZ, Jorge: 2005, *Migrantes mexicanos en los Estados Unidos, su número y su voto en las elecciones en México*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*, Ed Nuevo Horizonte/FCE, México DF, pp401-414.
- SEMO, Enrique: 2003, *La Búsqueda. I. La izquierda mexicana en los albores del siglo XXI*, Ed Océano, México DF, p209.
- TARACENA, Alfonso: 1990, *José Vasconcelos*, Ed Porrúa, México DF, p148.
- WOLDEMBERG, José: 2005, *El voto en el extranjero*, en ALCOCER, J. (coord): *Voto de los mexicanos en el extranjero*, Ed Nuevo Horizonte/FCE, México DF, pp499-502.